

A EXPERIENCIA DUN ROTEIRO ROSALIANO NO ENSINO

Antón Amil

Nesta unidade tratarei de amosar unha experiencia sobre a nosa insigne escritora Rosalía de Castro a través dunha visita didáctica aos seus mundos, aos contextos vitais que tanto influíron nas súas obras. En ningún caso se pretende que esta experiencia sexa única senón un intento de amosar múltiples posibilidades de achegarse ao seu mundo e á súa obra. Do que se trata é de asomarse a algunhas xanelas dende as cales poderemos enfocar unha visita didáctica dependendo da idade do noso alumnado e do curso en cuestión.

ESTRUTURA: preparación previa, desenvolvemento e postdesenvolvemento ou conclusións

Estruturaremos a unidade en varios apartados. Por unha banda comentaremos **posibles lugares a visitar** -sen que isto signifique que non existan outros da mesma ou maior importancia-, o que nos ofrecen estes e a relación que teñen con certos poemas da autora.

Pola outra, mencionaremos outras **posibilidades interdepartamentais e interdisciplinares** de interese didáctico. E para finalizar, exporemos unha **experiencia real con alumnado de 3º da ESO** nunha xornada escolar de 10 horas aproximadamente dende o momento da saída do centro ata a hora de volta ao mesmo, e reproduciremos textualmente algúns dos comentarios posteriores do estudantado en canto ao interese e aprendizaxe acadados que nos poden servir de conclusións. Con esta visita estamos preparando un dos temas do currículo de 3º ESO mais dende unha perspectiva que nós consideramos moito máis interesante e atractiva para o alumnado.

Antes de comezar con calquera tipo de visita cremos que na aula se debe facer un **achegamento previo** á autora en cuestión. Isto pode pasar por falar un pouco (segundo o nivel) da importancia de Rosalía de Castro e da súa obra no panorama literario galego e universal para espertar a curiosidade do alumnado. Destacaremos o valor de ser ela a autora do primeiro libro escrito integramente en galego -*Cantares Gallegos*- despois dos Séculos Escuros así como de *Follas Novas*, recuperando así o prestixio do que gozaran a nosa lingua e a nosa cultura na época medieval. Louvaremos igualmente o seu atrevemento e valentía por escribir e publicar co seu nome e apelido, sendo muller, naquela sociedade decimonónica patriarcal na que a muller non tiña cabida no mundo da cultura. Ademais da explicación podemos ler e comentar algúns poemas que nos interesen e amosarlles algunhas imaxes tiradas da internet de lugares rosalianos emblemáticos: Santiago, Madrid, Simancas, A Coruña, Lugo, e outras que visitaremos no momento de levar a cabo a actividade como poden ser a estatua da Alameda de Santiago, a Catedral, o Panteón de Galegos Ilustres e o Museo do Pobo Galego, así como Ortoño, Bastavales, Lestrove, Arretén ou a Casa Museo da Matanza en Padrón. Á parte das imaxes tamén se lles pode pasar algúns videos (Youtube) sobre a súa figura e sobre algúns poemas cantados e musicados por distintos grupos, sempre que non aparezan en castelán nin subtítulados nesa lingua.

Nesta primeira fase presentámoslles o itinerario que temos pensado percorrer e irémolo relacionando cos aspectos biográficos da autora e coa temática de certos poemas. Irémonos achegando ao significado de ditos textos para facilitarlles a

comprensión dos mesmos, mais deixaremos algunhas xanelas abertas para que eles vaian pechando in situ cando realicen a visita.

O profesorado realizará unha escolma daqueles poemas que teña pensado ler ou traballar co seu alumnado durante o itinerario. Ditos poemas pódenselle dar a eles antes da visita para que os lean previamente e, por parellas ou pequenos grupos, preparen un breve comentario dos mesmos, comentario que exporán posteriormente nos lugares que se visiten, inda que nalgúns, por ser espazos abertos e con moito ruído, é difícil tirar un bo aproveitamento das súas explicacións; por iso case se recomenda que sexan exposicións ou lecturas breves agás nos espazos máis recollidos como o Panteón de Galegos Ilustres, Bastavales, A Casa da Matanza, etc.. Porén pódese prescindir dos comentarios dos poemas por parte do alumnado e limitarse a ler in situ os textos preparados previamente para que o recitado teña certa calidade, e explicar o profesorado as relacións do poema en cuestión co lugar no que se está nese intre. Mesmo cabe outra posibilidade que consistiría en pedirlle a cada parella ou grupo que presente alí o lugar que vaiamos coñecer e prepare os textos para recitalles aos seus compañeiros.

Todo este procedemento tamén o poden seguir outros departamentos didácticos no caso de decidir realizar esta actividade de xeito interdisciplinar. Terían que seleccionar os seus propios temas de interese e cremos que departamentos como Xeografía e Historia, Ciencias Naturais ou Literatura Española lle poderían tirar proveito, á parte, por suposto, do de Normalización Lingüística, con quen recomendamos facelo sempre. Isto haino que contemplar previamente para acordar os lugares de visita e programar conxuntamente as actividades dos diferentes departamentos implicados, tendo en conta a duración das mesmas.

En canto ao departamento de CC.SS resulta de sumo interese a visita á praza do Obradoiro (Hostal do Reis Católicos, edificio do concello, Pazo de Raxoi e a Catedral) para traballar contidos de arte como poden ser o románico da fachada das Praterías ou do Pórtico da Gloria, ou o barroco da fachada do Obradoiro, e mesmo se pode solicitar a visita aos tellados da mesma cos seus pináculos e a súa Torre do Reloxo ou "Berenguela". Dende eles pódese disfrutar dunhas vistas marabillosas da cidade de Santiago de Compostela e os seus arredores. Este é tamén un lugar adecuado para que o profesorado de galego poida explicar onde se atopan distintos barrios aos que Rosalía fai referencia nos seus poemas (San Lourezo, Conxo, Sar, Belvís, Bonaval, Vista Alegre, Vidán, etc) e lembrarilles que alí, no Hospital Real, hoxe hostal dos Reis Católicos, de estilo gótico, se bautizou a propia Rosalía de Castro. Esta actividade de Sociais conlevaría tamén unha preparación previa na aula para que logo comprobasen e completasen a información fornecida. Poderíanlles preparar un cuestionario para ir enchendo a medida que realicen a visita da Catedral, fundamentalmente.

Se no roteiro participase o departamento de Ciencias Naturais, na Alameda de Santiago poderían achegarse á botánica observando unhas cincuenta especies diferentes así como os magnolios centenarios que no seu día doou A Sociedade Económica de Amigos do País, e igualmente interesante resulta o xardín botánico de Padrón.

No caso de participar Lingua Española teñen a opción de ler algúns dos textos de Rosalía en castelán, ben da súa narrativa ben do poemario *En las orillas del Sar*. En Santiago, tamén se podería facer mención á relación de García Lorca con esta cidade e recitar algún dos *Seis poemas en galego* como "Madrigal á cibdá de Santiago" ou "Danza da lúa en Santiago", por non falar da posibilidade de visitar o Museo de Camilo José Cela en Padrón.

En canto aos lugares rosalianos que lle poden interesar ao departamento de galego, en

Santiago estarían algúns como o Panteón de Galegos Ilustres e o Museo do Pobo Galego en Bonaval, e un percorrido polo convento de Santo Agostiño, a Praza do Obradoiro, a Catedral, a rúa do Vilar, Porta Faxeira, IES Rosalía de Castro, Alameda (monumento a Rosalía) e praza de Vigo, mais o número, a orde e o itinerario a percorrer dependerán sempre de cada centro segundo os intereses, o tempo e as actividades que leve programadas.

Fóra de Santiago poderíase visitar Ortoño, o val da Maía de camiño a Bastavales e Padrón, e aquí, a Casa da Matanza, a rúa Xoán Rodríguez, o monumento do Espolón, a praza de Macías o namorado, o cemiterio de Adina, o pazo de Arretén e o de Lestrove, inda que estes derradeiros lugares hoxe son propiedade privada destinados a turismo rural e hai que solicitar permiso aos seus propietarios para poder acceder, inda que non adoitan poñer pexas. Mais destes lugares habería que facer unha escolma que permitise realizar a visita nunha xornada e poñerse en contacto coas institucións ou responsables dos lugares dos que necesitemos permiso para a visita acordando o día e a hora en que é posible desenvólvela.

Despois de todo isto paso a describir a miña experiencia ao longo de varios anos no desenvolvemento desta actividade co alumnado de 3º da ESO.

A semana previa á viaxe elaboramos un cuestionario para que o resolvablen por parellas durante o percorrido e facemos a escolma de poemas que imos ler; seguidamente seleccionamos o texto e a persoa que vai recitar en cada lugar. Repartímosllo o día anterior para que o preparen e asegurámonos de que ao día seguinte o leven consigo. Isto mesmo tamén o facemos cando teñen que presentar eles os lugares a visitar. O día da saída, no autobús, entregámoslles o cuestionario que teñen que resolver durante a visita e recollémosllo no autobús á volta.

Chegado o día, tratamos de combinar o que sería un itinerario lóxico seguindo lugares significativos na biografía da Rosalía coa realización máis asequible segundo o tempo dispoñible. Do que se trata é de reflexionar sobre o que puideron influír estes lugares e estas paisaxes na súa obra e observar a identidade entre a autora e Galicia. Nós comezamos a nosa visita en Santiago de Compostela, en concreto na **praza de Vigo**, para descubrir o lugar do seu nacemento.



Alí comentamos que Rosalía naceu nunha casa das Barreiras, un barrio de Santiago que lindaba co que se chamaba *Camiño novo* - hoxe r/ Rosalía de Castro en honor á autora- pegado aos campos de Cornes, San Xosé e Ramirez. Aquí, diante do monumento a Rosalía que o concello de Santiago lle adicou en 1982 con motivo do 145 aniversario do seu nacemento, lemos o poema de *Follas Novas* titulado "**En Cornes**" ou parte del. (I: "Fernoso campo de Cornes/ cando te crobes de lirios/ tamén se crobe a ialma/ de pensamentos sombrisos./ De Cornes lindo lugare/...) (II: Cruceiro de Ramírez que te ergues solitario/dos agros na expanada, antre as rosas dos campos;/ ..."). Nel podemos apreciar o contraste entre a ledicia da paisaxe que a rodea e a tristeza e pobreza do eu poético ou labrego desexando fundirse coa terra.

De aquí trasladámonos andando pola r/ Rosalía de Castro ata a **Alameda** onde se atopa o paseo da Ferradura, chamado tamén de Bóveda ou das Letras Galegas no que se ergue o monumento adicado á nosa autora.



Nel non só aparece a súa figura senón tamén os títulos dalgúns obras así como varias placas e ofrendas de distintos organismos nacionais e internacionais. Aquí, darredor da estatua ou no balcón da Alameda adoitamos ler parte do poema de *Follas novas* titulado "**San Lourenzo**" mirando a ese lugar. Rosalía afirmou que ese sería o derradeiro poema que escribiría en galego e dátao no 1880. Nel fala da "robreda silenciosa de San Lourenzo/ ... e do convento tras do muro/ i o lixeiro campanario/ cuberto de herbas e musgo/ ... " como o lugar a onde lle gustaría ir refuxiarse dado o presentemento da súa morte polo deterioro físico e anímico que sentía, o cal contrasta coa vitalidade das rosas e da natureza que observaba arredor de dito convento.



A continuación imos camiñando cara á Porta Faxeira e no **miradoiro da Alameda sobre a catedral** facemos outra pequena parada para contemplar a xoia arquitectónica que temos diante. Aquí aproveitamos para ler parte do poema "**O toque da alba**" ("Da catedral campana/ grave, triste e sonora/ cando ao raiar do día/ o toque da alba tocas/ ..."). Nel expresa a saudade da súa xuventude e a preocupación polo paso do tempo dado que xa comeza a presentir o seu final. Este é un bo lugar para falar da importancia de Santiago na súa vida e na súa obra, pois foi fonte de inspiración e lugar no que estudou e viviu algunha tempadas.

Seguindo o noso percorrido pasamos por diante do **IES Rosalía de Castro**, antigo colexio San Clemente de Pasantes que albergou a Real Sociedade Económica de Amigos del País onde Rosalía estuda, entre outras materias, debuxo e música cando chega de Padrón coa súa nai en plena adolescencia. Nesta etapa tamén estudou no Liceu da Xuventude no convento de Santo Agustiño participando en actos culturais e destacando como actriz amateur en representacións teatrais. Alí coincidiu con outros estudantes que tiveron grande repercusión na nosa cultura como foron o seu futuro amigo Aurelio Aguirre, Eduardo Pondal e posiblemente Manuel Murguía, inda que non o tratase persoalmente por entón. Estando en Santiago viviu experiencias felices e amargas. Residiu en varios lugares que podemos percorrer: Porta Faxeira, rúa do Vilar, rúa dos Bautizados, praza de Mazarelos, pazo de Amarante, rúa da Senra, etc. Nós recomendamos dirixirnos cara á catedral pola rúa do Vilar ata Praterías (alí pódese recitar parte do poema de *Follas Novas* "**Na Catedral**") e saír pola praza do Obradoiro para lembralles o lugar de bautismo -Hospital Real, hoxe Hostal dos Reis Católicos- para xirar despois cara á praza de Cervantes e dirixírmolos ao **Panteón de Galegos Ilustres en Santo Domingo de Bonaval**.



Alí lembraremos o traslado dos seus restos mortais dende o cemiterio de Adina en 1891 e recitaremos o poema que abre a segunda parte do libro de *Follas Novas*, ¡Do íntimo!, titulado "**Adiós**" no que fai unha triste despedida de todos aqueles lugares santiagueses que ela tanto amaba porque teme que a vida non lle permita volver a velos: ("Adiós montes e prados, igrexas e campanas;/ adiós Sar e Sarela cubertos de enramadas/



adiós Vidán alegre, moíños e ondanadas; Conxo, o do claustro triste i as soedades prácidas / ... "). Tamén podemos ler de Varia o poema titulado "**Dulce sono**" no que describe como uns anxos a veñen buscar para levala á eternidade e o pracer que ela sente por poder reunirse con quen ama. Podemos facerlle tamén unha ofrenda floral.

Neste mesmo lugar aproveitaremos para louvarlles as figuras das nosas letras que alí descansan, dende Alfredo Brañas a Francisco Asorey, Ramón Cabanillas, Domingo Fontán e, por suposto, Castelao.

Tamén podería merecer a pena visitar o Museo do Pobo Galego, principalmente a triple escaleira helicoidal, pola súa importancia arquitectónica, e son de interese igualmente as diferentes dependencias do mesmo, dado que nos ofrecen unha visión de síntese das distintas facetas que definen a cultura de Galicia. Se o grupo que levamos é numeroso podémolo dividir e alternar a visita do Panteón coa do Museo.

Rematada a visita a Santiago deberíase pasar por **Ortoño** para seguir o periplo vital da nosa autora e ver na casa na que viviu de nena coas súas tías paternas a placa da fundación do Seminario de Estudos Galegos que alí se colocou en 1923 en homenaxe a Rosalía. Aquí poderíaselles falar da importancia deste Seminario para o desenvolvemento da cultura galega.

Dirixímonos a **Bastavales** para chegar a xantar alí, pois hai un centro social ao pé da igrexa con mesas e bancos que o párroco non ten inconveniente en deixar para comer dentro, así como un palco da música, cuberto, en previsión de que nos choza.

Despois de xantar visitaremos a igrexa e escoitaremos o marabilloso son das campás da torre da mesma que Rosalía escoitaba cada día dende Ortoño, onde viviu a súa nenez. Para iso necesitamos pedirlle ao cura que avise ao campaneiro para que acuda a tocar ese día a esa hora e, ademais, hai que avisalo antes dunha fin de semana para que o párroco llelo comunique aos veciños na misa do domingo e non se preocupen cando escoiten as campás, porque tamén as tocan para comunicarlles outros acontecementos como incendios, etc. Despois de escoitar o toque das campás, distintos alumnos lerán o poema intimista "**Campana de Bastavales**" ben no adro da igrexa, contemplando o val de Amaía no que se situaba o "muíño dos castañaes" -hoxe un alcolital- ao que Rosalía fai referencia no poema "**Adiós ríos, adiós fontes**", e albiscando Ortoño alá ao lonxe ou ben, se chove, leremos dentro da igrexa. Vendo esta paisaxe poderemos comprender mellor o mundo rural no que se criou e o peso que este mundo ten na súa obra. Escoitando as distintas partes do poema "**Campanas de Bastavales**" podemos percibir os sentimentos máis íntimos e tristes de Rosalía ao sentir o inevitable paso do tempo e a proximidade da morte.

Se en Santiago non puidésemos realizar a visita ao Panteón de Galegos Ilustres polas pexas que pon o Arzobispado para autorizala e chegásemos máis cedo a Bastavales, mais non quixésemos xantar alí senón en **Padrón**, recomendamos facelo ao aire libre no Santiaguíño do Monte, dende onde hai unhas fermosísimas vistas sobre Padrón e a veiga de Lestrove.

De aquí baixaremos á vila, cruzaremos a ponte sobre o río Sar e comezaremos a visita na **estatua do Espolón** que se atopa ao pé da igrexa de Santiago onde está o **Pedrón** do Apóstolo (*ara romana*) que deu nome a esta poboación.

En fronte deste monumento daremos lectura ao poema de *Follas Novas* "**Pra a Habana**" no que percibimos o sufrimento producido pola emigración. Leremos tamén "**Estranxeira na súa patria**" ("Na xa vella baranda/ entapizada de hedras e de lirios/



foise a sentar calada e tristemente/ frente do templo antigo./ ..."). Neste poema observamos o sufrimento, a soidade e a insolidariedade daqueles que a esqueceron, daqueles que non a recoñecen sendo compañeiros e veciños noutro tempo; Rosalía sente a desgraza colectiva existencial intimamente relacionada coa persoal e sofre por ela. Aquí tamén se lles pode lembrar o significado do premio *Pedrón de Ouro* que cada ano se lles entrega aos persoeiros galegos máis distinguidos polo seu labor cultural. Na

outra punta do paseo do Espolón atópase tamén o monumento a Camilo José Cela.

Seguidamente atravesamos a vila pola praza de Macías o Namorado, a rúa Xoán Rodríguez -antiga estrada xeral a Santiago- onde tamén viviu Rosalía, segundo consta nunha placa dunha casa desta rúa. Seguimos por diante do xardín botánico cara á **Casa-Museo de Rosalía** no lugar da Matanza.

Na Casa-Museo propónse un percorrido polos acontecementos que marcaron a vida e a obra de Rosalía. Na planta baixa, denominada "O perfil dunha sombra", o visitante pode apreciar a verdadeira dimensión desta emblemática figura da cultura galega e universal: a súa vida, o entorno que a rodeou e a relación do pobo galego coa figura da escritora.

Na sala 1, faise un percorrido pola vida de Rosalía, a través de fotografías dos lugares que gardan relación coa autora e coa súa familia. Na segunda sala encóntranse algunhas primeiras edicións dos libros de Rosalía e publicacións relacionadas coa autora e a súa obra. Tamén se poden observar imaxes que reflicten o modo de vida da sociedade do século XIX en Galicia. E na Sala de Ofrendas pódense contemplar todo tipo de agasallos a Rosalía realizados desde que se inaugurou a Casa-Museo en 1971.

Na primeira planta, denominada "O seu", propónse unha recreación da casa rural da época, entre labrega e fidalga. Na cociña consérvanse, os utensilios e mobiliario típicos da época como a lareira, a artesa ou a sella. No cuarto das fillas de Rosalía (onde viviron as catro) consérvase o escritorio de poeta. E na cama do seu propio cuarto, onde faleceu, hai sempre unha flor, ofrenda diaria que comezou a facer Maruxa Villanueva, e que se segue mantendo a día de hoxe.

No salón pódense apreciar algúns cadros do pintor Ovidio Murguía, fillo de Rosalía, e tamén diversos obxectos persoais da autora. E, por último, na biblioteca Manuel Murguía atópanse algunhas das obras escritas polo marido de Rosalía, como *Historia de Galicia* ou *Os Precursores*, e algúns obxectos persoais e retratos do historiador e escritor.



Fóra, na Orta da Paz da Casa ou no balcón da mesma casa, aproveitaremos para facerlles unha breve disertación do que foron os derradeiros anos da súa vida, e daremos lectura aos poemas de *Follas Novas* "**Cando penso que te fuches**" no que apreciamos todas as pantasma e medos que Rosalía arrastrou durante toda a vida provocándolle unha grande angustia, e "**Miña casiña, meu lar/ ¡cantas onciñas/ de ouro me vals!**". Neste último poema vemos as penurias económicas e físicas do labrego galego e a crítica da

autora á insolidariedade e á incompreensión social.

Despois desta visita e dependendo do tempo que nos quede para volver, decidiremos se

visitamos o pazo de **Arretén** ou o pazo de **Lestrove** nos que Rosalía viviu algunhas tempadas e mesmo escribiu parte das súas obras. Temos que lembrar que hoxe en día ambos son privados, están restaurados e adócanse á hostelería, mais os seus propietarios son receptivos ás solicitudes de visita. Se nos interesa máis comentar aspectos dos seus devanceiros maternos iremos a Arretén e leremos parte do poema "**O pazo de A...**" ou "Casa Grande" como o denominaba ela, e se o noso interese estivese máis centrado na propia autora iremos ao pazo de Lestrove e leremos o poema de *Cantares Gallegos* "**Como chove miudiño**". En ambos os dous se aprecia a súa identificación coa terra, con Padrón, co Sar, con Galicia e co pasado.

De non realizarmos ningunha das visitas anteriores marcharemos dende a Casa da Matanza ata a igrexa da Santa María de Iria para visitar o cemiterio de Adina onde estivo enterrada Rosalía dende 1885 ata 1891, ano no que os seus restos foron trasladados ao Panteón de Galegos Ilustres de Santiago. Aquí podemos falarlles da importancia desta igrexa dende a época dos romanos, pois foi a sé episcopal máis antiga de Galicia e tivo moita importancia na diocese de Santiago de Compostela. Tamén se lles pode falar da súa arquitectura.



Neste lugar recitaremos a segunda parte do poema "**Padrón...! Padrón!/ Santa María... Lestrove.../ Adiós!, Adiós!**" (O simeterio de Adina/ n'ai duda que é encantador,/ cos seus olivos escuros/de vella recordación;/ co seu chan de herbas e flores/ ...). O texto déixanos traslucir o amor e os recordos que lle trae este cemiterio inda que neste momento, ao final da súa vida, o feito de pensar nel, prodúcelle verdadeira angustia.

Deste xeito finalizamos a actividade no lugar onde Rosalía finalizou a súa vida e regresaremos ao noso centro, mais antes de baixar do autobús pedirémolles que nos entreguen o cuestionario que lles demos pola mañá antes de partir.

INFORMACIÓN DE INTERESE

- Casa da Matanza(luns pechado)
981.811.204
casamuseo@fundacionrosaliadecastro.es
www.rosaliadecastro.org
- Cura de Bastavales
981.888.656
- Pazo de Arretén (privado) Manuel Vidal
- Pazo da Hermida ou de Lestrove (privado):
981817110
Fax 981817117
ing8fo@pazodehermida.com
- Museo do Pobo Galego
981-583620
fax 981-554840
info@museodopobo.com
deac@museodopobo.com
- Cemiterio de Galegos Ilustres
bicecanciller@archicompostela.org